

## PRESENTACIÓN

Este mes os veteranos activos queremos aproveitar o bo tempo do mes de xuño para visitar a illa de Cortegada, unha das máis descoñecidas e importantes da nosa costa. Ademais tamén iremos a parte sur da illa de Arousa, para camiñar polo Parque Natural do Carreirón, con gran cantidade de turismo no verán, que confiamos no esta nesa data.

Estamos convencidos que imos a disfrutar dun gran día de sendeirismo costeiro, e podere-mos gozar da praia, si o tempo no nos falla.

Por mor das mareas, a visita a Cortegada, té-mola que facer pola tarde.

## CORTEGADA

Cunha extensión de 54 hectáreas, Cortegada, é a maior dun arquipélago que tamén inclúe as Illas Malveiras, ou as Illas Briñas. Ata principios do S.XX contaba cunha aldea de colonos, cuxos restos aínda poder ver. O seu valor natural está en conter o maior bosque de laureiros que existe en Europa, ademais dalgunhas zonas de carballos e piñeiros, que cobren á totalidade da illa.

<https://turismoriasbaixas.com/tu-destino/imprescindibles/islas-atlanticas/isla-de-cortegada>

Neste enlace tedes máis datos e podedes descar-gar o folleto oficial a illa.

<https://illasatlanticas.gal/es/visita-el-parque/visita-cortegada>

## ILLA DE AROUSA

Na illa, imos visitar o Parque Natural do Carreirón, situado ao sur, con 1,3 km/2. Trátase dunha zona de especial protección para as aves pola Comunidade Europea. Na súa pequena extensión, ten diversos ecosistemas, desde o dunar, pasando polas marismas, os matorrales, os pina-res, o seu sinuoso perfil litoral.

<https://www.ailladearousa.com/que-visitamos/parque-natural-de-carreiron/>

<https://www.ailladearousa.com/que-visitamos/parque-natural-de-carreiron/>

## PROGRAMA

Saldremos a 9 horas, coas paradas de costume. Sobre a as 11 horas chegaremos o aparcadoiro da illa. Aquí faremos a ruta circular que vedes no mapa. Será sobre 9 km si a facemos completa. O bus nos recollerá as 15 horas, quedaranos tempo para a ruta, comida, caña, etc. Hai un cámping e varios bares onde podemos atopar bebidas.

Pola tarde as 16 horas faremos a visita guiada a illa de Cortegada coa empresa Corticata. En unhas pequenas lachas, cruzaremos os 189 metros que a separan da costa. Calculamos rematar sobre as 18—18,30 h. Chegaremos a Coruña sobre as 20,30 horas.

A inscrición da ruta increméntase en 10€ que hai que abonar pola visita, quedando así:

Socios: 26€ - Non socios: 35€

Conta para a transferencia:

ES25 2080 5565 0030 4000 2362

Clave da actividade: 71200377

Guía organizador: David Jove

## PRÓXIMAS ACTIVIDADES

26 de xuño. Coñece e Camiña. Ollando as Gabeiras—Doniños.

21-31 de xullo. Sendeirismo de montaña en Zermatt-Saas Fee (Suiza)

11 de setembro. Coñece e Camiña. Camiños de As Nogais-Os Ancares (Lugo)

14 de setembro. Veteranos Activos. Ribadavia-Castro de San Cibrao de Las (Ourense).

24-25 de setembro: Sao Joao de Arga e Mesa do Quatro Abades (Portugal)

19 de outubro. Veteranos Activos. Ruta do Río da Chanca e Ruta da Pedra e da Auga (Pontevedra)

23 de outubro. Coñece e Camiña. Debesa de Rogueira e Formigueiros— O Courel (Lugo)

<https://artabros.org/secciones/senderismo/>

Correo: [artabros@artabros.org](mailto:artabros@artabros.org)

Teléfono: 981 21 31 15



SOCIEDADE DE MONTAÑA  
ARTABROS

VETERANOS ACTIVOS



*ILLAS DE CORTEGADA  
E AROUSA (Pontevedra)  
15 DE XUÑO DE 2022*

